



Concello de Outes

A Feiriña. Bases sorteo dun xantar ou cea para dúas persoas



1.- Obxecto

O Concello de Outes, co obxectivo de incentivar o consumo nos establecementos comerciais e hostaleiros da localidade, sortea un xantar ou cea valorada en oitenta euros.

2.- Participantes

Poden participar no sorteo as persoas maiores de 18 anos, que consuman e merquen nos negocios que participan na terceira edición da *Feiriña* organizada polo Concello de Outes.

As persoas que consuman nos negocios que participan no evento *A Feiriña*, recibirán unha rifa para que poidan participar do sorteo. Deberán cubrir a rifa co nome, apelidos e número de teléfono. Unha vez cuberta deberán depositarse na urna do posto de Turismo do Concello de Outes.



Concello de Outes

3.- Sorteo

O sorteo celebrarase o día 20 de agosto, ás 21:00 horas no posto de Turismo do Concello de Outes. Será un sorteo público e farase nun espazo visíbel. Extraeranse unha rifa da urna e lerase en voz alta o nome da persoa gañadora.

4.- Notificación

O Concello de Outes notificará por teléfono á persoa agraciada que é a gañadora do premio.

5.- Premio

O premio consistirá nun xantar ou unha cea valorada en 80 euros nun restaurante do concello de Outes.

6.- Exposición das bases

As bases deste concurso estarán publicadas na páxina web www.outes.gal e comercio.outes.gal.

7.- Caducidade

O premio caduca aos tres meses, se a persoa agraciada non aparece declararase deserto. O premio non poderá ser trocado polo seu importe en metálico, nin por outra compensación económica.

8.- Protección de datos

O Concello de Outes tratará de forma segura e co máximo coidado todos os datos persoais. De conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos, as persoas participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces. As persoas participantes teñen dereito a acceder, rectificar e solicitar a eliminación dos seus datos a través do enderezo electrónico normalizacion@outes.gal indicando o motivo da petición.

9.- Aceptación das bases

A participación no sorteo implica a expresa aceptación das bases.

10.- Modificación

Resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases na medida en que non prexudique os dereitos das persoas participantes no concurso.

Outes, agosto de 2022